

I FEIRA DA ARTESANÍA DO FERRO RIOTORTO '07



DOMINGO 15 DE ABRIL

Apertura ás 09:00 h.

**EXPOSICIÓNS
DEMOSTRACIÓNS
TEATRO DE RÚA • PASARRÚAS
XOGOS POPULARES**

Servizo de restaurante • Espazo expositivo baixo carpas

Ás 20:00 h. concertos de:

**MILLADOIRO
SUSANA SEIVANE**



ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN SOCIAL DOS

**FERREIROS DE
RIOTORTO**

www.ferreirosderiotorto.com



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

O fouciño é o produto máis xenuíno, a estrela dos artistas do ferro de Riotorto. Cun concluído perfecto, de sempre estas ferramentas causan sensación no mercado. Dos obradoiros artesanais saen fouciños de diverso tipo, adaptados á comarca e ao terreo onde han de usarse: prados, xardíns, viñas ou monte. Os máis deles véndense en Asturias, Castela ou Galiza, e tamén outros utensilios tales como fouces de diferentes tamaños, coitelos ou cravos ornamentais para portas e portalóns de madeira.

Podemos atopar hostaleiros cortando unha táboa de sabedeiro xamón cun coitelo feito en Riotorto ou un segador de malas herbas valéndose dun fouciño da mesma orixe entre as cepas dos máis destacados viñedos do país. Tanto se poden comprar nas feiras como en ferraxerías, tendas de menaxe, almacéns de apeiros agrícolas ou negocios de xardinería.

Os ferreiros de Riotorto continúan unha longa tradición documentada, entre outros, polo ilustre etnógrafo Antón Fraguas:

O ferro era máis ou menos un misterio, así por exemplo pensábase que un anano vivía precisamente dentro da fornalla e de cando en vez saía e podía facer mal ou converterse nun ser protector. Xa no mundo da arte, desde o románico coñecemos obras dos ferreiros galegos, como certa reixa de Santa María de Melide. E logo non hai máis que reparar nos primorosos balcóns de tódalas épocas. Na aldea era imprescindible o ferreiro, porque facía as sachas, temperaba e apuntaba ferramentas de canteiro, afiaba as do carpinteiro, fabricaba rellas de arado... Viñan sendo os artistas máis requiridos en todo tempo e ata hoxe.